



## ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO DO DIA 22 DE XUÑO DE 2000

O Decreto 1497/87 sobre directrices xerais comúns dos planos de estudio establece a posibilidade de que os alumnos participen na configuración do seu curriculum académico, non só coa superación das materias que conforman o plano de estudos senón tamén coa realización doutras actividades académicas previamente autorizadas polas Universidades, tales como as prácticas en empresas.

Na actualidade para a realización das prácticas en empresas a Universidade ten establecidos dous sistemas: as realizadas o través do convenio marco entre a universidade e empresas que convocan os centros e as organizadas polo Consello Social da Universidade e FEUGA que se imputan como créditos de libre configuración.

Estes dous sistemas non esgotan as posibilidades que poden te-los alumnos para a realización das prácticas en empresas, sendo precisa a súa ampliación implicando neste proceso ós propios estudantes ó posibilitar que sexan eles quen poidan propo-la empresa para a realización das prácticas.

### RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS EN EMPRESAS PROPICIADAS POLOS ALUMNOS.

**Primeiro.-** Os alumnos poderán propor a traves do Consello Social da Universidade, de FEUGA, ou do Centro no que estudia unha empresa para realiza-las prácticas sempre que reúnan os requisitos que regulamentariamente se establezan. No caso de que a proposta se realice ó traves dos centros non poderá haber convenio marco coa empresa.

**Segundo.-** O Consello Social, Feuga ou o Centro deberá proceder a tramita-lo Convenio que terá unha duración mínima de dous anos que vincule á empresa coa Universidade, de se-lo caso, para a realización das prácticas. En todo caso estas prácticas realizaranse ó abeiro da normativa xeral reguladora das mesmas: o Real Decreto 1497, de Presidencia do Goberno de 19 de xuño sobre Programas de



# UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cooperación Educativa (BOE do 23 de xullo de 1981) modificado polo 1845/1994 do 9 de setembro do Ministerio da Presidencia.

**Terceiro.-** No caso do Consello Social e Feuga, rematadas as prácticas expedirase unha certificación segundo o modelo oficial, recoñecéndolle os créditos correspondentes. O acto de recoñecemento só terá efectos logo do pagamento dos prezos públicos polos créditos recoñecidos. Estas prácticas entran dentro do concepto de actividades académicas que oferta a Universidade imputándose ós créditos a libre elección e a súa tramitación realizarase polas Unidades de Xestión Académica do mesmo xeito que as demais prácticas en empresas que organiza o Consello Social e Feuga


No caso de que a proposta se realice ó Centro no que estudia o alumno, este procederá a matricularse segundo a Convocatoria das prácticas que ós efectos realice o Centro, agas no relativo á Selección de alumnos, xa que o alumno que aporte a empresa quedará seleccionado para a realiza-las prácticas na mesma.

**Cuarto.-** O rector da Universidade poderá dicta-las resolucións e instrucións que se consideren oportunas para a regulamentación deste procedemento.

DILIXENCIA: Para facer constar, antes da aprobación do acta correspondente, que a Xunta de Goberno da Universidade, na súa sesión do día 22 de xuño de 2000, acordou aproba-la presente "**Modificación das Normas de Xestión Académica (prácticas en empresas)**". co Visto e Prace do Excmo. e Magfco.Sr. Rector


Santiago de Compostela, 3 de xullo de 2000

Vº e Pr.  
O RECTOR



F. Darío Villanueva Prieto

O SECRETARIO XERAL



Gumersindo Guinarte Cabada